

A CORNUS FLORIDA: UNHA ÁRBORE FERMOUSA NO ADRO DO NOSO INSTITUTO

Coa axuda da profesora Pilar Antelo, compañeira docente do Departamento de Bioloxía e Xeoloxía no IES Xulián Magariños, identificamos con maior precisión esta fermosa árbore florida, que nos sorprende gratamente todas as primaveras, á beira da entrada do Centro, no xardín do adro do noso Instituto.



O seu nome científico é **CORNUS FLORIDA**. Da familia *Cornaceae*, das Anxiospermas. Como nomes populares ten os de corno, corno florido, sanguiño, sangomiño florido (galego); cornejo, cornejo florido, sanguiñuelo (castelán).

A especie seica é nativa do leste dos Estados Unidos de Norteamérica. Emprégase cada vez máis como árbore ornamental, pola beleza das súas "flores", onde o que

semellan seren pétalos son, en realidade, brácteas, que poden amosarnos varias cores.

No outono bota uns froitos carnosos de cor vermella, non comestibles. A súa madeira, dura e pesada, úsase en tornería e para facer rodas e mangos de ferramentas.



Estes e outros datos sobre o corno florido poden lerse, por exemplo, no libro PONTEVEDRA. ÁS ÁRBORES DA CIDADE, da autoría de Jaime Bernardo Blanco Dios e Amancio Castro González, Concello de Pontevedra, 2010.

Conmemorando o Día Mundial do Medio Ambiente (5 de xuño) no Instituto barcalés, o Departamento de Bioloxía e Xeoloxía, coa colaboración do Departamento de Tecnoloxía, seica vai colocar uns rótulos identificadores doutras árbores que campan nos espazos axardinados do noso Centro educativo. ¡Moi boa iniciativa!, ¡parabéns!

Texto e fotos: X.A.L.G.